

Acta da sesión ordinaria do **Comité Ambiental** celebrada o día **21 de abril de 2016** na Sala de Xuntas do Decanato da Facultade de Ciencias da Educación, coa asistencia dos seguintes membros:

Roberto Suárez Brandariz (Vicedecano)
Fernando Eirís Gallego (Xefe do Servizo de Conserxaría)
Pedro Vega Marcote (Coordinador Técnico)
Ánxela Bugallo Rodríguez
Blanca Laffon Lage
Eduardo Pásaro Méndez
Representantes de alumnos:
Laura Gómez Soriano
Jéssica Ambroa Carrera
Cristina Patiño Sampedro
Araceli Serantes Pazos e Ana Iglesias Galdo xustifican a súa ausencia. Actúa como secretario accidental, o Vicedecano.

Comenza a sesión as 12:15 horas, para trata-lo seguinte **Orde do día**:

PUNTO 1.- Leitura e aprobación, si é o caso, do acta da sesión anterior.

Tras a súa lectura por parte do Vicedecano, aprobase o acta por asentemento.

PUNTO 2.- Incorporación de novos membros.

O vicedecano dá a benvinda aos novos membros, destacando a presenza de todos os sectores da facultade. Por un lado Fernando Eirís Gallego como Xefe do Servizo de Conserxaría e as alumnas Laura Gómez Soriano, Jéssica Ambroa Carrera e Cristina Patiño Sampedro.

PUNTO 3.- Informe da situación actual.

Tras unha pequena introducción sobre as singularidades da Comisión, como ente aberto a toda a facultade independentemente de que haxa persoas que manifesten a súa vontade de pertenceren, o Vicedecano dalle a palabra ao Coordinador Técnico do Comité o profesor Pedro Vega.

Comeza falando da concesión da Bandeira Verde aos centros de Arquitectura Técnica e Terapia Ocupacional que formaban parte dos cinco centros (entre eles o noso) da iniciativa Green Campus dentro da nosa universidade. Asemade comentou que servizos

como o OMA estaban no convencemento de que existían moitas posibilidades de que se nos concederá esta distinción neste ano.

Pedro Vega resaltou os requisitos máis valorados para poder optar á nomeada distinción:

- Visibilización das reunións: número mínimo delas, levantamento de actas e transparencia na xestión.
- Declaración ambiental: neste apartado Pedro Vega quedou en recabar información da OMA no senso de si este xesto tiña que ter o refrendo da Xunta de Facultade.
- Ecoauditoría ambiental da facultade: Pedro presentou os aspectos máis salientables dun documento que se foi realizando nos últimos meses. Unha vez elaborado este documento de traballo, presentarase para su estudo e proposta, ao resto do Comité. A Ecoauditoría abrangue aspectos como guías docentes (contidos e competencias relacionadas coa sustentabilidade).
- Mapa sonoro da facultade: Por medio de sonómetros elaborouse un estudo que destacaba por cores as diferenzas de impacto acústico nos distintos espazos da facultade.
- TFG – TFM: a posibilidade de crear un premio que destaque aquel traballo que defenda temas relacionados coa sustentabilidade.

PUNTO 4.- Proposta de actuacións.

Agradecendo o traballo desenvolto e a claridade da exposición, O Vicedecano solicita ao Coordinador do Comité que explicita as propostas de actuación para poder acadar a Bandeira Verde.

A presentación das propostas sería a unha nova convocatoria en maio, na que tentaríamos aprobar toda a documentación da que se falou nesta reunión, que se enviaría aos membros do Comité como borrador de traballo.

En segundo lugar, por cumprir coas esixencias de publicidade, montaríase un taboleiro no que se exporían as actividades promovidas polo Comité e, asemade, buscaríase un lugar específico na web da facultade para a súa ubicación permanente.

A propia Declaración Ambiental debería ser ratificada pola Xunta de Facultade.

Pedro Vega recorda que sobre o 20 – 21 de xuño recibiríamos a visita do Comité de Avaliación.

PUNTO 5.- Rolda de intervencións.

O profesor Eduardo Pásaro propón incluír os estudos sobre a presenza do Radón na facultade. Ante as dúbidas sobre a pertinencia ou non da suxestión, a profesora Anxela Bugallo propón non incluír as citadas medicións senon recomendacións de actuación.

A alumna Jéssica Ambroa destaca que non hai moita información sobre a ubicación de determinados contenedores selectivos.

A profesora Anxela Bugallo propón que no apartado do Comité na web se inclúa un correo electrónico no que se podan incorporar suxestións por parte de calquera membro da comunidade da facultade.

O profesor Eduardo Pásaro pregunta sobre si se fixeron actuacións sobre o tema dos rúidos. O coordinador Pedro Vega suxire que poderíase actuar sobre unha aula colocando fieltros nas cadeiras e mesas. O vicedecano propón que se faga na sa de

videoconferencias pequena e que ten mobilia que permite variar a disposición da mesma baixo demanda dos usuarios.

E sen máis asuntos que tratar levántase a sesión as 12.45 horas.



Asdo.: Roberto Suárez Brandariz